

## Obxectivos:

O obxectivo principal deste curso monográfico é crear conciencia sobre a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable e abordar as necesidades teóricas e prácticas para que o persoal destinatario da actividade poida incorporar os obxectivos para o desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030 aos seus ámbitos de traballo.

## Persoas destinatarias:

O curso diríxese ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións autonómica e local galegas, dos entes instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

No caso de non cubrir a totalidade das prazas convocadas, ás vacantes que resulten poderán acceder profesionais interesados/as no tema.

## Convocatoria:

DOG núm. 104, do 4 de xuño de 2019

## Lugar de desenvolvemento:

EGAP. Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

## Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal) Web: <https://egap.xunta.gal>

Curso monográfico

## **A AXENDA 2030 PARA O DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE E A SÚA IMPLEMENTACIÓN NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS GALEGAS**

Santiago de Compostela, 17 e 18 de xuño de 2019



XUNTA DE GALICIA

LUNS, 17 DE XUÑO DE 2019

## MAÑÁ

10:00 a 14:00 h.

**A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable: antecedentes, obxectivos e metas.**

1. Antecedentes e negociacións intergubernamentais: nova axenda política de desenvolvemento sustentable de ámbito internacional e europea.

2. Marco político da Axenda 2030: un novo paradigma de desenvolvemento e unha oportunidade para os gobernos, as políticas públicas e as persoas.

3. A Axenda 2030: obxectivos e metas.

**Sandra Astete Muñoz.**

Especialista en Políticas de Infancia Unicef - Comité Español.

## TARDE

16:00 a 19:00 h.

**Os 17 obxectivos de desenvolvemento sustentable como reto e oportunidade para as administracións públicas: Implementación da Axenda 2030.**

1. Exemplos de éxito na implementación da Axenda 2030 noutras administracións e países.

2. Estudo sobre “A implementación da Axenda 2030 de desenvolvemento sustentable na Xunta de Galicia”.

**Sandra Astete Muñoz.**

Especialista en Políticas de Infancia Unicef - Comité Español.

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>

MARTES, 18 DE XUÑO DE 2019

## MAÑÁ

10:00 a 10:45 h.

**Alianzas e coordinación na Xunta de Galicia para acadar a Axenda 2030: A Comisión Interdepartamental.**

**María Cruz Ferreira Costa.**

Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático. Xunta de Galicia.

10:45 a 12:00 h.

**A Axenda 2030 en Galicia: Diagnóstico do ámbito ambiental.**

**María Agrelo de la Torre.**

Técnica de sustentabilidade e cambio climático.

12:00 a 14:00 h.

**Cooperación local no mundo global: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.**

**Andrea Manuela García Corzo.**

Secretaria do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

## TARDE

16:00 a 17:30 h.

**O proceso de implementación da Axenda 2030 e os ODS nas universidades galegas a través da RGCUD.**

**Carolina Lodeiro Malde.**

Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD).

**Vanessa Míguez Martín.**

Oficina de Cooperación e Voluntariado da Universidade da Coruña.

17:30 a 19:00 h.

**A Acción Exterior no marco da Axenda 2030: O IV Plan Director da Cooperación galega para o Desenvolvemento 2018-2021.**

**José Luis Pastoriza Rozas.**

Consultor en avaliación, planificación estratéxica e investigación en cooperación.